

Resolución reitoral pola que se convocan os Premios a Traballos Fin de Estudos (grao e master universitario) e Tese de Doutoramento con contidos en temas relacionados co emprendemento curso 2025/2026.

A Consellería de Promoción de Emprego, Comercio e Emigración e as tres universidades galegas asinaron un convenio para realizar actuacións de difusión, promoción e apoio ao emprendemento na comunidade universitaria.

A finalidade das actuacións do convenio é difundir, promover, e fomentar a cultura emprendedora na comunidade universitaria, para o que está prevista a convocatoria de premios ao emprendemento universitario.

Unha vez vista a *Lei 9/2007, de subvencións de Galicia*, as disposicións aplicables da *Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións* e as súas normativas de desenvolvemento.

En virtude das facultades que lle outorgan a *Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do sistema universitario* e o artigo 72 do *Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro*, polo que se aprobaron os estatutos desta universidade,

ESTA REITORÍA RESOLVE:

1. Convocar, en réxime de concorrencia competitiva, premios ao mellor Traballo Fin de Grao (TFG) e Fin de Máster universitario (TFM) e Tese de Doutoramento da Universidade de Vigo que teñan como temática o emprendemento e que serán xestionadas de acordo coas bases reguladoras que figuran no anexo I.
2. Publicar esta convocatoria e as bases que a regulan no taboleiro da sede electrónica sede.uvigo.gal/ e no [Portal de bolsas](#) da web da Universidade de Vigo.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

Vigo, na data de sinatura electrónica

O reitor

Por delegación RR 30/05/2024 (DOG 10/06/2024)

A vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade

Natalia Caparrini Marín



ANEXO I

BASES QUE REGULAN O PREMIO TFG/TFM E TESE DE DOUTORAMENTO EN TEMÁTICAS RELACIONADAS CO EMPRENDIMENTO CURSO 2025/2026

1. OBXECTO

Esta convocatoria ten por obxecto dar visibilidade á aportación daquelas liñas de investigación en materia de emprendemento e innovación impulsadas por estudantes da Universidade de Vigo, a través do desenvolvemento dos seus Traballos de Fin de Estudo (Grao e Máster) e Teses de Doutoramento.

A presente convocatoria non está prevista no Plan estratéxico de subvencións da Universidade de Vigo vixente debido a que no momento da súa aprobación non estaba prevista a sinatura do convenio que articula o financiamento destes premios.

Os premios distribúense en dúas categorías:

- Premio de innovación e emprendemento a mellor Tese de Doutoramento
- Premio de innovación e emprendemento ao mellor Traballo Fin de Grao (TFG) e Traballo Fin de Máster (TFM)

Cada categoría terá un primeiro e un segundo premio en cada unha das 5 ramas de coñecemento:

- Artes e Humanidades
- Ciencias Sociais e Xurídicas
- Ciencias
- Ciencias da Saúde
- Enxeñaría e Arquitectura

e un accésit para cada categoría.

2. REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

Pode solicitar este premio o estudantado que cumpra os seguintes requisitos:

a) Atoparse nalgún dos seguintes casos:

- Posuír nacionalidade española.
- Posuír a nacionalidade dun estado membro da Unión Europea e acreditar a condición de residente legal.
- Posuír nacionalidade extracomunitaria e acreditar a residencia legal en España, de acordo co disposto na normativa sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España (non é suficiente o permiso de estadía por estudos).

b) Ter superado na Universidade de Vigo

- a. durante o curso 2025/2026 o TFG/TFM.
- b. ou ter defendido e superado a Tese de doutoramento entre o 1 de setembro de 2025 e o 31 de agosto de 2026.



- c) Que o traballo presentado propoña o desenvolvemento de novos produtos ou servizos que teñan un potencial nicho de mercado ou estea orientado á xeración dun proxecto empresarial que poida contribuír a creación dunha iniciativa empresarial.
- d) Non ter concedido este premio en convocatorias anteriores para o mesmo Traballo Fin de Estudos ou Tese de Doutoramento.

Non poderán ter a condición de beneficiario/a as persoas nas que concurra algunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da *Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións*.

3. INCOMPATIBILIDADES

Os premios que se establecen nesta convocatoria serán incompatibles con calquera outra axuda da mesma natureza e para a mesma finalidade.

4. DOTACIÓN, CONTÍA E PAGAMENTO

1. Os fondos destinados a esta axuda irán con cargo á aplicación orzamentaria 2026 0000 121D 482.12 e o importe máximo do crédito orzamentario retido ascende a 15.500€ para o que se achega o correspondente certificado de existencia de crédito.

2. A contía máxima de cada premio será,

- Tese de doutoramento:
 - 1º premio: 1.200 €
 - 2º premio: 600 €
 - Accésit: 300 €
- TFG/TFM
 - 1º Premio: 800 €
 - 2º premio: 400 €
 - Accésit: 200 €

Esta contía está suxeita ás retencións estipuladas polas normativas tributarias aplicables.

3. O pagamento do premio efectuarase mediante transferencia á conta bancaria en España indicada pola persoa beneficiaria na súa solicitude e da que deberá ser titular.

5. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

1 As persoas solicitantes deberán empregar o **formulario en liña** no seguinte enlace https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/formularios/encuesta/cubrir_paso1/15472, **descargalo e presentalo na sede electrónica** da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) a través da instancia xenérica (SXER) existente na sede, poñendo en **asunto** "*Premios ó mellor TFG/TFM e Tese en temáticas relacionadas co emprendemento*", achegando unicamente o formulario coa solicitude. Só se poderá presentar unha solicitude por persoa.

O modelo específico de presentación de solicitudes será de uso obrigatorio para as persoas interesadas neste procedemento (art. 66.6 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*). Se algunha das persoas interesadas



presenta a súa solicitude de xeito presencial, se lle requirirá para que a presente de xeito electrónico.

2. O prazo de presentación das solicitudes comeza o día seguinte a publicarse esta convocatoria e finaliza o **10 de setembro 2026 ás 23:59 horas** (hora peninsular española).

3. No formulario en liña achegárase a seguinte documentación ou enlace ao repositorio (non hai que subir a documentación á sede electrónica):

- a) Resumo do proxecto (máximo dúas páxinas) no que se reflectan os criterios de avaliación: innovación, viabilidade, impacto e plan de traballo.
- b) Vídeo autoeditable no que se expoña o potencial de transferencia do seu traballo presentado, de duración non superior a 3 minutos. Formato mp4 ou enlace ao repositorio.
- c) Informe favorable da persoa directora do traballo acerca do cumprimento do requisito 2.c)
- d) Copia do traballo Fin de Grao, Fin de Máster ou Tese de Doutoramento, en formato PDF ou enlace ao repositorio.
- e) No caso de estudantado comunitario deberá presentar documento do Rexistro de cidadán/á da Unión Europea.
- f) No caso de estudantado extracomunitario deberá presentar a tarxeta de identificación de estranxeiro/a na que conste o permiso de residencia (non é suficiente co permiso de estadaía por estudos).

Tamén se lles poderá requirir que acheguen outra documentación que resulte necesaria para a correcta avaliación de requisitos, méritos alegados e para o cumprimento dos requisitos. O feito de non achegar a documentación requirida será causa de exclusión.

6. SELECCIÓN E RESOLUCIÓN

1. A Sección de Axudas e Bolsas, logo de rematar o prazo de presentación de solicitudes e unha vez examinadas estas e a documentación presentada, publicará a **listaxe provisoria de solicitudes admitidas e excluídas**, coa mención da causa de exclusión.

2. As persoas interesadas disporán dun prazo de **dez días hábiles** contados desde o día seguinte á publicación para emendar os erros, a falta de documentación e as causas de exclusión. Para tal fin presentarán o **formulario de alegacións** na secretaría virtual. De non presentar emenda entenderase que desiste da súa solicitude previa resolución ditada conforme á *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

3. Unha vez revisadas as alegacións, a selección será efectuada pola comisión de avaliación de acordo cos seguintes criterios:

- a) Grao de innovación e creatividade da idea emprendedora: **máximo 20 puntos**
- b) Grao de viabilidade técnica, económica e comercial e potencial de crecemento e de creación de emprego: **máximo 20 puntos**
- c) Impacto económico e social no territorio, aproveitamento sostible dos recursos locais e impacto na fixación de poboación en zonas rurais ou afastadas dos principais núcleos urbanos: **máximo 20 puntos**
- d) Plan de traballo previsto a curto-medio prazo: **máximo 10 puntos**



e) Calidade do video e defensa do proxecto: **máximo 30 puntos**

Para poder optar á concesión do premio, será requisito acadar unha **puntuación mínima de 50 puntos**, co fin de garantir a calidade das iniciativas presentadas e o axeitado cumprimento dos obxectivos da presente convocatoria.

No caso de resultar vacantes nalguna das ramas poderán ser adxudicados á persoa con maior puntuación das listas de garda das outras ramas e tipos de traballo ata o esgotamento do crédito orzamentario.

Presidenta: Natalia Caparrini, Vicerreitora de Estudantado e empregabilidade

Vogais:

- Maruxa Álvarez Jiménez, directora da Área de Emprego e Emprendemento
- Belén Fernández Durán, técnica superior de Orientación Laboral e Emprendemento
- Marta Mariño, directora xeral de Traballo Autónomo e Economía Social da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia.

Se por calquera causa, no momento en que a comisión avaliadora teña que examinar as solicitudes, algún/alguna dos/das compoñentes non puidese asistir, substituirase pola persoa que para o efecto se nomee, o cal deberá recaer noutra persoa da mesma unidade, órgano, entidade ou colectivo.

4. Unha vez efectuada a selección pola comisión, a Sección de Axudas e Bolsas publicará a **listaxe provisoria de persoas con premio concedido, denegado** coa mención da causa de denegación e a **listaxe de agarda** para o caso de existiren renuncias.

5. As persoas interesadas poderán presentar as alegacións no prazo de **dez días hábiles**, contados a partir do día seguinte á publicación, para o que presentarán o **formulario de alegacións** na secretaría virtual.

6. Unha vez que a comisión revise as alegacións enviaralle a proposta á vicerreitora de Estudantes e Empregabilidade quen adxudicará os premios mediante a correspondente resolución.

As persoas interesadas poderán entender desestimadas as solicitudes de non se ditar resolución expresa no prazo de 3 meses contados desde o día seguinte ao do remate do prazo de presentación de solicitudes.

A resolución conterá a listaxe definitiva de persoas con premio concedido e a súa contía, con premios denegado e a causa de denegación, e a listaxe de agarda para o caso de existiren renuncias.

7. As listaxes ás que se refire este punto, así como a resolución de adxudicación, publicaranse no taboleiro da sede electrónica sede.uvigo.gal/ e no [portal de bolsas](#) da web da universidade, producindo os efectos da notificación de conformidade co artigo 45 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

As comunicacións individuais necesarias realizaranse ao enderezo electrónico sinalado na solicitude, sen que estas teñan a consideración de notificación.



7. ENTREGA DE PREMIOS

A entrega de premios farase nun evento de referencia no que se destacará a contribución do estudiantado ao emprendemento e a innovación a través dos seus traballos de fin de estudos TFG/TFM e Teses de Doutoramento.

Pola súa participación no evento as persoas premiadas autorizan a Universidade de Vigo e entidades colaboradoras e os diferentes medios para publicar o seu nome, voz e imaxe nos diferentes medios de comunicación, tanto convencionais como electrónicos e dixitais, incluíndo xornais, revistas literarias, sitios web, folletos, vídeos informativos, de promoción, etc.

8. RENUNCIA

A renuncia voluntaria deberá realizarse mediante o formulario de renuncia existente na secretaría virtual e presentado na sede electrónica da Universidade de Vigo <https://sede.uvigo.gal> dirixido á Sección de Axudas e Bolsas, xunto co xustificante de reintegro da contía correspondente no caso de terse efectuado o pagamento. As renunciacións aceptadas darán lugar á perda dos dereitos económicos e a concesión do premio á seguinte persoa da lista de agarda previa resolución.

9. OBRIGAS

A persoa beneficiaria deberá cumprir as obrigas recollidas no artigo 14.1 da *Lei 38/2013, de 17 de novembro, xeral de subvencións*, que lle sexa de aplicación.

10. PROPIEDAD INTELECTUAL

A propiedade intelectual do traballo premiado xunto a propiedade material dos documentos que o integran corresponde ao autor/a do mesmo podendo a Universidade de Vigo difundir con fins publicitarios o título, resumo e autor do traballo premiado.

11. REINTEGRO DOS PREMIOS E PERDA DO DEREITO DE COBRO TOTAL OU PARCIAL

Serán causas de reintegro e perda de dereito de cobro:

- Non cumprir os requisitos e obrigas recollidas na convocatoria.
- Ocultar datos, alteralos ou manipular a información solicitada.
- Incurrir nalgunha das causas de incompatibilidade establecidas nesta convocatoria.

A persoa beneficiaria que incorra nalgunha destas causas, estará obrigada a reintegrar á Universidade a cantidade indebidamente percibida.

12. TRANSPARENCIA

1. De conformidade co artigo 17 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, e co artigo 15 da *Lei 9/200, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*, a Universidade de Vigo publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas, así como as sancións que puideren impoñerse, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a



subministrar á Universidade de Vigo, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei. Porén, non será necesaria a publicación cando o órgano que concede xulgue que se dan as previsións do artigo 15.2.d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de *Galicia*.

13. PROTECCIÓN DE DATOS

Información sobre a política de protección de datos en:
[https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-11/Texto %20proteccion datos para CONVOCATORIAS bolsas.pdf](https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-11/Texto_%20proteccion%20datos%20para%20CONVOCATORIAS%20bolsas.pdf)

CSV : GEN-60cc-8147-e5b2-dab8-c8bd-20c6-3676-79fa

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : https://run.gob.es/hsb0d8bw6q

FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 08/06/2026 09:27 | NOTAS : F

